



Aplicación de conceptos médicos xerais de prevención en saúde podal en tres niveis

Nestes días nos que unha pandemia está de plena actualidade poden extraerse algunhas leccións sobre epidemioloxía para comprender mellor a prevención das coxeiras. Para abordala dunha maneira académica, debemos seguir as bases da medicina preventiva establecidas por Virchow, estruturadas en tres pasos que debullamos no seguinte artigo.



As coxeiras teñen a importancia suficiente como para telas en conta desde o inicio do proxecto gandeiro

Daniel Zalduendo Franco
Adrián González Sagüés
ANKA



NIVEIS DE PREVENCIÓN

Os tres pasos de Virchow baséanse nos seguintes niveis de prevención:

1. Evitar a aparición da enfermidade
2. Minimizar a súa expresión clínica
3. Tratar os casos clínicos para reducir a súa severidade

Nivel 1. Decisión do plan de negocio dunha granxa leiteira

Canto antes se inclúa a prevención das coxeiras no programa de toma de decisións, máis eficientes serán as medidas que se establezan. O primeiro de todo é que o esquema de prevención debe considerar factores ambientais, de manexo e xenéticos. As coxeiras teñen a suficiente importancia como para telas en conta desde o inicio do proxecto gandeiro. En primeiro lugar, se existe a posibilidade de elixir unha localización para a granxa, os sitios frescos son mellores que os cálidos e os climas secos facilitarannos o labor. A peor opción sempre é elixir un lugar cá-

lido e húmido. En segundo lugar, á hora de deseñar as instalacións é fundamental buscar a comodidade adecuada, que favoreza a minimización na expresión das coxeiras. En particular, debemos prestar especial atención a proporcionar unha área específica para o recorte de pezuños xunto cun poldro de recorte, que garanta un adecuado fluxo de vacas, así como un baño de pezuños configurado eficientemente. Unha vez que a granxa está en funcionamento, as decisións xerais de xestión terán unha forte influencia na aparición desta enfermidade.

▶ CANTO ANTES SE INCLÚA A PREVENCIÓN DAS COXEIRAS NO PROGRAMA DE TOMA DE DECISIONS, MÁIS EFICIENTES SERÁN AS MEDIDAS QUE SE ESTABLEZAN



Durante o deseño debemos prestar especial atención a proporcionar unha área específica para o recorte de pezuños, cuberta e cunha manga de manexo

Nivel 2. O recorte rutineiro de pezuños é a ferramenta apropiada para minimizar a expresión clínica das coxeiras

Desenvolvendo un programa de recorte de pezuños adecuado, calquera defecto no pé pode ser detectado e abordado antes de que xere un problema clínico. Esta é a razón pola que o recorte periódico das patas das vacas é tan importante. Un bo protocolo pode ser o recorte durante o período de secado, de xeito que realizamos unha prevención previa á etapa crítica do inicio da lactación. De maneira complementaria aconséllase realizar un programa de recorte durante a lactación.

► UNHA VEZ QUE SE DETECTA UNHA VACA CUNHA LOCOMOCIÓN ANORMAL, O RECORTE DE PEZUÑOS DEBE REALIZARSE DE INMEDIATO PARA ABORDAR A LESIÓN ANTES DE QUE EMPEORE



Foto cortesía de F. Castillo (México)

Cun programa de recorte de pezuños periódico calquera defecto no pé pode ser detectado e abordado antes de que xere un problema clínico

Nivel 3. A detección temperá e o tratamento dos casos clínicos, claves para determinar as consecuencias dun episodio

Para conseguilo, a valoración continua da mobilidade/locomoción (*Mobility Scoring*) é un deber. Por este motivo recentemente a APPB organizou entre os seus asociados un curso e son varios os asociados acreditados pola prestixiosa RoMs inglesa (<https://roms.org.uk/>).

Unha vez que se detecta unha vaca cunha locomoción anormal, o recorte de pezuños debe realizarse de inmediato para abordar a lesión

antes de que empeore. A investigación demostra que nun importante número de vacas que desenvolven unha coxeira, esta vólvese crónica e sofren episodios durante toda a súa vida produtiva, polo que, canto antes se aborde o primeiro, máis baixas serán as probabilidades de que esa vaca sufra novos episodios.

Unha vez probado o alto custo económico e os problemas de benestar que causan as coxeiras, débense tomar medidas aos tres niveis mediante a consultoría especializada apropiada no momento de deseñar os establos e a área de recorte de

pezuños, a formación e o seguimento por expertos adecuados do persoal recortador da granxa, mediante a provisión do equipo adecuado.

Calquera granxa debe considerar a contratación dun servizo de recorte de pezuños profesional con equipos e formación adecuados. No caso de que debido á situación xeográfica non se dispuxese deste servizo externo, débese asegurar unha correcta capacitación do persoal da explotación. ■



Foto cortesía de J. Sullivan (O Canadá)

Débese considerar a contratación dun servizo de recorte de pezuños profesional con equipos e formación adecuados

AgroBank

**Asesoramento
e servizo para
o sector agrario**

